
Especial mención merece o proxecto para a explotación de ouro no coñecido como Grupo Mineiro Corcoesto, situado nos concellos de Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Coristanco, na provincia de A Coruña, declarado como proxecto industrial estratéxico segundo a Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia. *pps. 79 e 52 do documento de inicio do PSAEG*

8 de maio de 2013. A Xunta vén de presentar o **Plano Sectorial de Actividades Extractivas (PSAEG)** , documento polo cal ningún solo, por moita protección que teña, estará libre de minas. É o derradeiro cravo co que o PP remacha o anuncio de
"Galiza é unha mina"
, e que permitirá á patronal mineira asaltar novos territorios até agora vedados: Espazos naturais, paisaxes protexidas, xacementos e monumentos históricos... Na redacción do documento, dirixido pola Cámara Mineira, participou unha importante consultora, EPTISA, que preside o ex-banqueiro Ángel Corcóstegui e de cuxo consello asesor fixo parte até decembro de 2011 Luis De Guindos. Outro dato curioso é que no documento, a respeito da minaría do ouro, afírmase que
Corcoesto xa foi declarado proxecto industrial estratéxico
(pp. 52 e 79), o que non se producíu (aínda). Está claro que intereses moven o plan mineiro da Xunta...

Logo da rebaixa que Feijóo e Hernández perpetraron na Lei do Solo 9/2002 através da lei 2/2010 de medidas urxentes, as minas e canteiras anteriores á lei 9/2002 podían continuar a súa actividade se contaban con licenza municipal (todo tipo de chan rústico), e de non tela, podían legalizarse se acreditaban seren anteriores á lei 9/2002 e estaban en chan rústico ordinario, de especial protección forestal ou de augas. No chan rústico de especial protección de infraestruturas, costas, espazos naturais, protección paisaxística e histórico-patrimonial, as minas e canteiras, anteriores á lei 9/2002, tamén podían autorizarse polo Consello da Xunta. Porén, para abrir novas explotacións en todo tipo de solo especialmente protexido, precisábase ter aprobado un instrumento de planificación territorial *ad hoc*, isto é, un Plano da Minaría, o actual PSAEG.

Cadro nº 36.- Actividades extractivas existentes, ampliación de existentes e novas

Categorias e tipos de solo rústico	Explotacións en activo á entrada en vigor da LOUG		Ampliación de explotacións existentes e novas explotacións
	Con Licenza	Sen Licenza	
S. R. P Ordinaria	Pode continuar a actividade	Debe acreditar a súa existencia á entrada en vigor LOUG	USO AUTORIZABLE
SREP Agropecuaria	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	USO AUTORIZABLE
SREP Forestal	Pode continuar a actividade	Debe acreditar a súa existencia á entrada en vigor LOUG	USO AUTORIZABLE
SREP Infraestructuras	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	Aprobación do PSAEG
S.R.E.P Augas	Pode continuar a actividade	Debe acreditar a súa existencia á entrada en vigor LOUG	Aprobación do PSAEG
S.R.E.P Costas	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	Aprobación do PSAEG
S.R.E.P de Espazos Naturais	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	Aprobación do PSAEG
S.R.E.P Paisaxistica	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	Aprobación do PSAEG
S.R.E:P de Interese patrimonial, artístico ou histórico	Pode continuar a actividade	Autorización Consello Xunta	Aprobación do PSAEG

Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 PSAE: Plan Sectorial de actividades extractivas